Pero experiencias semellantes previas teñen alertado á Administración das dificultades que entrañan este tipo de procesos. Así, xa dende os anos oitenta, os veciños de Os Ancares, unha serra cercana e de características semellantes, ameazaban con todo tipo de represalias se a Xunta de Galiza seguía adiante co proxecto de declarala Parque Natural.” Se poñen o parque non poderemos coller leña, nin levar as vacas a pastar... Vaise queimar todo o monte como o poñan”, dicían os veciños de Cervantes e Piornedo á corresponsal en Lugo do *Diario de Galicia* (1 de Abril do 1988).

Fronte á previsible reacción en contra de certos sectores da comunidade local faise necesaria unha campaña de información e divulgación do que pode supoñer unha declaración deste tipo para eliminar prexuízos e manipulacións interesadas por parte dos sectores da actividade económica contrarios a estas medidas de conservación. Hai que mediar no conflito social que se pode xerar entre os traballadores da canteira e as súas familias cos detractores das pizarreiras pois o que para uns é unha destrución inaceptable do medio ambiente, para outros supón o posto de traballo que garante o pan de cada día.

A estes argumentos agárranse os directivos da Asociación Galega de Louseiros que defenden o seu papel como fixadores de poboación nunha zona, a Galiza interior rural, cada vez máis deshabitada. Non obstante, os datos son demoledores a este respecto pois segundo o INE, os habitantes do Concello de Folgoso do Courel sobrepasaban no ano 2001 o número de 1.500, e no 2007 non chegaban aos 1.300, pese aos tan cacareados 100 postos de traballo da canteira da Campa.

Vense de organizar unha boa iniciativa, que consistiu na organización dunha viaxe institucional, á que foron invitados os veciños, para visitar o Parque Natural de Somiedo, na contigua comunidade autónoma de Asturias. O Parque de Somiedo representa para nós de algún xeito aquilo que quixéramos para o Courel, polo que comprobar in situ o que supuxo a súa declaración pode ter un efecto cando menos pedagóxico entre os veciños e funcionarios municipais asistentes, aínda escépticos coas vantaxes de tal alternativa. No Parque Natural de Somiedo si se conseguiu fixar poboación, a renta per cápita aumentou considerablemente e o concello deixou de estar no grupo de cola do ranking asturiano. O turismo de natureza tamén aumentou e as actividades agrogandeiras dos veciños non se ven limitadas en absoluto, porque as restricións que marcan os Parques Naturais refírense a actividades que presenten un claro impacto ambiental negativo no territorio:

explotacións mineiras a ceo aberto, autopistas e grandes infraestructuras, centrais hidroeléctricas, parques eólicos, industrias contaminantes, etc.

A declaración de Parque Natural sería unha auténtica festa para todos os galegos e galegas, que favoreceríamos deste xeito a conservación dunha parte moi importante do que é noso como pobo. E tamén tería que sela para os veciños e veciñas de Seoane, Folgoso, Vilamor, Paderne, A Seara, Ferreirós, Mercurín, Seceda, Pacios, Romeor... e tantos outros lugares nos que a vida diaria é moi dura, os servizos educativos e sanitarios moi escasos, pero aínda quedan xentes que día tras día manteñen as paisaxes legadas polas xeracións anteriores.

A situación está en punto morto. É como se a Administración autonómica galega tivera medo en camiñar cara diante, mesmo en tarefas de información e discusión cos veciños, o que non fai máis que medrar a desconfianza e o escepticismo. Ás veces ocórrenos preguntarnos, ¿é isto o que se busca?: "Se os veciños masivamente, salvo catro radicais, están en contra, tema concluído. É o pobo quen non quere o parque natural..." Segundo previsións da propia Consellería de Medio Ambiente, o PORN (Plan de Ordenación dos recursos naturais), debería estar rematado para finais do 2007, co fin de ser sometido á información e participación pública, unha vez que se separou do Plan do goberno

anterior, que consideraba conxuntamente os territorios de Os Ancares e O Courel. O secretismo existente ata o momento fainos pensar que a Xunta de Galiza queira propoñer un Parque de tamaño minúsculo, para permitir a explotación de varias canteiras máis. Teríamos así un miniparque amputado con menos de 20.000 Has.- en vez das 50.000 que propoñen os ecoloxistas- e "rodeado de buratos", como dí Orlando Álvarez, vicepresidente de S.O.S. Courel.

Enfrente temos ao Grupo CUPA, a louseira máis forte do mundo, con 40 anos de experiencia, 16 canteiras de lousa e 22 naves de procesado. Exporta a máis de 20 países de todo o mundo máis de 140.000 tons. de lousa ao ano e ten uns 900 empregados. A louseira de A Campa produce a lousa CUPA 12 e foi inaugurada no ano 1972. A súa produción é de 15.000 ton/ano, que se exportan a Alemaña e Gran Bretaña. Na súa páxina web chegan a dicir, que "... non queremos que as nosas actividades afecten á calidade do aire que respiramos, da auga que bebemos... por elo dispoñemos das tecnoloxías menos contaminantes, ademais de contar con plantas de reciclado de residuos", curiosa declaración para un tipo de actividade que ten destruído un longo tramo dos ríos Luruda, verte sedimentos sen ningún tipo de control ao río Lor e produce unhas enormes escombrecas - 450.000 m³ de residuos ao ano, segundo as súas propias cifras- de imposible rexeneración, creando

unhas paisaxes mutiladas como as que se poden ver no val do Río Casaio, ao pé do Macizo das Trevincas, convertido nun tráxico parque temático dos horrores causados polo que as louseiras fan pola Natureza.

A sucesión de irregularidades e ilegalidades flagrantes é merecente dun estudo pormenorizado, pero baste engadir ao xa indicado que para reparar os destrozos feitos a Administración tiña pensado utilizar 3,7 millóns de euros de procedencia pública, segundo un acordo tomado xa no 2001, cando a canteira da Campa non tiña aínda nin licenza municipal, nin licenza autonómica. Os traballos necesarios para tal restauración aínda non se iniciaron porque segundo indica a Consellería de Medio Ambiente, o Grupo Cupa presentou un estudo con medidas alternativas.

Para romper o medo e a división que envolven á xente e a levan a desconfiar do Parque, compre facer unha inversión audaz que permita a reconversión de parte dos empregos da canteira e a prexubilación dos restantes. Os Fondos Europeos e os necesarios que teña que complementar a nosa Comunidade Autónoma terán que apoiar as medidas realistas que conformen un Plan de Desenvolvemento Sostible, inicialmente subsidiado –a Comunidade Autónoma asturiana invirtiu 7,7 millóns de euros no Parque Natural de Somiedo no ano 2007- e co obxectivo de que se faga autenticamente sostible en base ao

Turismo de Natureza e ás actividades agropecuarias e artesanais de calidade.

E a Educación Ambiental que?

Dentro de todo este maremágnum de datos, problemas, organismos implicados, etc., está claro que a Educación Ambiental ten un campo de acción magnífico. Primeiro, como arma de análise e denuncia dos problemas in situ, para axudar ás comunidades locais a entender o que pasa; e en segundo lugar para que os estudantes das escolas locais e de toda Galiza traballen os fenómenos que están a acontecer nunha zona de gran potencial formativo.

O Courel pode ser unha auténtica escola viva na que durante uns días moitos estudantes de Galiza, de diferente procedencia e nivel, aprendan de forma activa e práctica algúns dos principais procesos naturais e sociais que aínda estando presentes nos currícula oficiais das diferentes asignaturas, adquiren neste contexto unha significación máis nidia. Que millor xeito de estudar o noso pasado castrexo que traballando, debuxando e medindo nos castros de Vilar, do Brío ou da Torre!! Que marabilla poder entender as xeofomas fluviais e glaciares percorrendo os vales da Seara ou do río Pequeno!! Penetrar no fondo umbrío das devesas e soutos para entender os

misterios dos ecosistemas forestais clímáx que aínda perduran aquí dende hai centos de anos!!

Máis alá da mera descrición de especies, fenómenos, problemas, no Courel podemos estudar as interrelacións que forman a rede complexa da problemática medioambiental. E en niveis máis superiores do ensino –Bacharelato e Universidade– plantexar dinámicas de investigación-acción, de resolución de problemas, ensino por proxectos, estratexias de simulación. Enfrontar, en resumo, aos alumnos cunha realidade multiforme e problemática que os induza a investigar, a practicar e adestrarse nas técnicas de estudo necesarias, que os obrigue a posicionarse e actuar. Educación en valores, Educación para a sustentabilidade, Educación Ambiental.

Como suxestión de traballo de campo, que levamos perfeccionando dende hai case 20 anos no IES Xelmírez I cos nosos alumnos de B.U.P., Secundaria e agora Bacharelato, propoñemos estas tres

sesións de traballo para viaxes-estudo de 3 días, con estancia en Folgoso ou Seoane. Entrando por Quiroga:

Día 1º

- *Antes do Alto do Boi – Pregue tumbado de Campodola.*
- *Aldea de Vilar e Castro de Vilar*
- *Roteiro Vilar-Río Lor-Vilamor*
- *Vistas á Mina da Campa. Folgoso. (1ª noite)*

Día 2º

- *Ferreiría de Seoane*
- *Centro de interpretación de Moreda.*
- *Devesa da Rogueira. Fontes*
- *Lagoa glaciaria da Lucenza*
- *Volta polo Alto do Couto ou baixada á Seara*
- *Arquitectura e patrimonio na Seara. (2ª noite)*

Día 3º

- *Roteiro Val do Río Pequeno. Paderne*
- *Visita á Devesa da Escrita*
- *Volta pola mina romana da Toca*
- *Saída por Pedrafita do Cebreiro*

Conformaríase así un conxunto de visitas e actividades variadas sobre temas de arqueoloxía, xeoloxía, xeografía, botánica,



Foto nº 5: *Sequeiro de castañas no souto de Meiraos*



Foto nº 6: *Alumnas observando aves*

ecoloxía, economía, das que o estudante ten que sacar unha síntese que lle permita presentarse con fortes argumentos ante as difíciles preguntas que subxacen a todo o noso traballo:

É posible un Desenvolvemento Sostible para o Courel?

É a declaración de Parque Natural a estratexia idónea para conseguilo?

Podemos invertir as tendencias de despoboamento e destrución que veñen actuando nos últimos trinta anos?

Pode cegar a conservarse o Courel para o aproveitamento e disfrute das xeracións futuras?

Bibliografía

- BEIRAS, X.M. (2007): S.O.S. Courel. I. O problema. Xornal Galicia Hoxe
- BLANCO CASTRO, E. (1996): *El Courel. Las plantas y sus habitantes*. Fundación Caixa Galicia.
- DE VIVERO, X. (1997): *Un ano no Courel. Col. Roteiros*. Eds Xerais. Vigo.
- FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, M.A. et al. (1998): *Courel 98. Guía Didáctica. Experiencia Pedagóxica*. IES Xelmírez I. Santiago.
- FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, M.A. (2008): *O Courel. Escola Viva*. XXI Congreso de ENCIGA. O Carballiño (no prelo)
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.A. (1994): *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferreírías da provincia de Lugo*. Deputación provincial de Lugo.
- GUITIÁN RIVERA, Javier: "La Sierra de Caurel". En *Pyrenaica*, pp 164-169.
- GUITIÁN RIVERA, Javier (2002): *Los valores biológicos de la Sierra del Caurel. Bases para la conservación de los recursos naturales*. Universidad de Santiago-Consellería de Medio Ambiente.
- GUITIÁN RIVERA, José et al. (2004): *Guía de las aves de O Caurel*. Lynx Edicións. Barcelona.
- LÓPEZ VISPO, D. (2007): "As canteiras a ceo aberto: ilegalidade e destrución". En *Revista Cerna*, nº 52, pp 25-26.
- NEIRA RODRÍGUEZ, A. (1998): *Caminando por la Sierra del Caurel*. Promocións Culturais Galegas. Vigo.
- PÉREZ ALBERTI, A. (2006): *Unha historia xeolóxica de 500 millóns de anos*. Asociación Río Lor.
- PRINCIPADO DE ASTURIAS. (1995): *Parque Natural de Somiedo. PRUG*. Cuadernos de Medio Ambiente. Consejería de Agricultura de Asturias.
- VVAA. (1985): *Estudio del medio natural de las montañas gallegas. I. O Caurel*. Universidade de Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ SAAVEDRA, M. (2003): *O Courel*. Guías Galaxia. Editorial Galaxia. Vigo.

"A Xunta remitiu ao Ministerio de Asuntos Exteriores a resposta ao informe da Comisión das Comunidades Europeas (CCE) que denunciaba irregularidades ambientais en catro explotacións de lousa de Os Ancares-Courel, tres de elas no Municipio de Folgoso e unha máis no de Quiroga. Según o goberno galego, estas pizarreiras non entrañan risco para o entorno protexido e á máis polémica, a da Campa, non lle poñen pegas.....O goberno galego pide tamén á UE que non se lle imponha á Campa as condicións medioambientais propias do entorno protexido, pola importancia económica que ten a mina na bisbarra. O Courel é para a Xunta, dende o 2007, un concello mineiro e hai que salvagardar o emprego"

El País, 12 de xullo de 2008

“O mar e a costa, un recurso valioso para todos”. Un programa de educación ambiental para a conservación da nosa beiramar

Sonia Pazos. Área de Educación-CEIDA (Galiza-España)

Resumo

O CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), é o centro de referencia da Educación Ambiental para a sociedade galega, leva traballando dende o 2001 na divulgación e posta en valor do patrimonio natural galego e ten como unha das súas principais liñas de actuación a conservación do medio mariño e litoral.

O programa de educación e sensibilización ambiental “O mar e a costa recursos valiosos para todos”, destinado a centros de ensino e colectivos sociais de toda Galicia, ten como obxectivo principal fomentar na sociedade actitudes positivas e comportamentos favorables cara a protección e conservación do medio mariño e litoral, a través do coñecemento dos valores naturais e culturais da costa e da análise das problemáticas ambientais que a ameaza.

Abstract

The CEIDA (Centre of University Extension and Environmental Divulcation of Galicia) is the point of reference for Environmental Education in Galician society, and has been working since 2001 in spreading and giving value to the Galician natural heritage, and has, as one of its main lines of action the conservation of the marine and coastal environment.

The programme of environmental education and sensitizing entitled “The sea and the coast: valuable resources for all”, aimed at centres of education and social collectives throughout Galicia, has as its main objective the fostering of positive attitudes and favourable behaviour within society towards the conservation of the marine and coastal environment, by means of the knowledg of the natural and cultural values of the coast and the analysis of the environmental problems which threaten it.

Palavras chave

Educación Ambiental, conservación medio mariño, centro recepción de visitantes, espacio natural protexido, exposicións itinerantes.

Key-words

Environmental education, conservation of the marine environment, visitors centre, protected natural spaces, travelling exhibitions.

Antecedentes

A Educación Ambiental é considerada como unha das ferramentas clave para conseguir a conservación e uso sustentable do medio ambiente. Na Estratexia Galega de Educación Ambiental recóllese que é *“un proceso formativo permanente a través do cal as persoas e as comunidades toman conciencia do seu medio, ao tempo que adquiren os coñecementos, os valores, as destrezas, a experiencia e tamén a determinación que os capacitará para actuar, individual e colectivamente, na prevención e afrontamento dos riscos ambientais presentes e futuros”*.

Así o recolle tamén a Lei 1/1995 do 2 de Xaneiro de Protección Ambiental de Galicia cando sinala como un dos principios que inspiran o seu desenvolvemento normativo o *“de promoción da educación ambiental, en tódolos niveis educativos, e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para unha eficaz defensa dos valores ambientais, co fin de que, de acordo cunha formación obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente”*.

Pero nas últimas décadas, a Educación Ambiental non só se define como unha ferramenta para a conservación e uso sustentable do noso medio ambiente senón como unha necesidade, da que a UNES-

CO resalta a súa importancia para enfrontarse aos retos ambientais presentes e futuros e define o seu obxectivo principal como *“lograr que a poboación mundial teña conciencia do medio ambiente e os seus problemas conexos, e que conte cos coñecementos, aptitudes, actitudes, motivacións e desexos necesarios para traballar individual e colectivamente na procura de solucións aos problemas actuais para previr os que puideran aparecer no futuro”* (UNESCO, 1975).

Un dos maiores problemas ambientais neste momento é a degradación continuada do medio mariño e litoral. A meirande parte do público aínda considera o mar como unha fonte inesgotable de recursos e o que quizais sexa máis perigoso, que o mar é inmune ás nosas actividades e agresións. A experiencia probou que estas percepcións son falsas, que os recursos non son finitos e que a presión antrópica o está degradando (NORSE, 1993; AGARDY, 1997; BOERSMA & PARRISH, 1999).

Galicia conta cun dos ecosistemas máis produtivos do mundo: as rías, que son un dos alicerces fundamentais da economía galega. Pero o mar non só é unha fonte de recursos senón tamén a base da identidade do pobo galego. Galicia é como é en gran parte polo mar. A nosa cultura, a nosa gastronomía, as nosas festas, en definitiva a nosa historia está vencellada ao mar. Non obstante, nas últimas décadas, a costa galega está sufrindo unha gran

presión que ameaza con destruír os seus valores e as súas riquezas naturais. O urbanismo agresivo, os vertidos incontrolados, a sobre-explotación dos recursos, a destrución de hábitats, ... poñen en perigo a importante riqueza biolóxica que alberga a nosa costa. A marea negra provocada polo petroleiro Prestige (novembro 2002) non foi máis que a punta do iceberg de todos os problemas do medio mariño e puxo de manifesto a importancia do mar en Galicia despertando unha nova conciencia ambiental na sociedade galega así como a evidencia da urxente necesidade de tomar medidas que garantan o futuro do litoral galego.

Ante esta realidade, no ano 2004 o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), en colaboración coa Fundación Arao e o Concello de Oleiros, asume o desafío de desenvolver un proxecto a longo prazo de educación ambiental co obxectivo principal de fomentar na sociedade actitudes positivas e comportamentos favorables cara a protección e conservación do medio mariño e litoral, a través do coñecemento dos valores naturais e culturais da costa e da análise das problemáticas ambientais que a ameaza. Así nace o Programa de Educación e Sensibilización Ambiental *“O mar e a costa, recursos valiosos para todos”*. A partires do ano 2005 e ata a actualidade este programa lévase a cabo grazas ao patrocinio da Deputación da Coruña.

Este programa de educación e sensibilización ambiental vencellado ao medio mariño e litoral está dirixido aos centros de ensino e colectivos sociais de toda Galicia, aínda que a continuación se faga referencia exclusivamente ao programa específico para o público escolar.

Os obxectivos

O Programa *“O mar e a costa, recursos valiosos para todos”* parte da necesidade de ofrecer á sociedade galega un servizo educativo de calidade, capaz de potenciar o coñecemento, interpretación e concienciación sobre os valores e as problemáticas do litoral galego. A finalidade deste programa é que os participantes adopten unha actitude positiva cara o medio mariño e litoral e comportamentos favorables para a súa conservación e uso sostible.

Os obxectivos específicos que se perseguen co desenvolvemento deste programa son:

- Fomentar o coñecemento do litoral galego dende unha perspectiva multidisciplinar que abrangue todos os aspectos naturais, culturais e económicos poñendo de manifesto a vinculación do pobo galego co mar.
- Analizar as problemáticas ambientais da beiramar galega, cales son as súas causas, os seus efectos, os axentes

involucrados e reflexionar sobre os patróns de consumo cotiás presentes na sociedade actual.

- Descubrir as potencialidades que ten a protección dun espazo natural, recoñecendo e defendendo as súas limitacións de uso, como necesarias para a conservación e como potenciais para o desenvolvemento dunha nova relación co medio máis respectuosa e sostible.

A evolución do Programa

A continuidade deste programa ao longo do tempo (xa é o quinto ano que se leva a cabo) permite que sexa, por unha banda, un programa aberto e dinámico: un programa que está en permanente construción a través da experimentación e da avaliación continua, adaptándose a unha realidade cambiante e incorporando novas actuacións e recursos. Por outra banda, permite establecer vínculos a longo prazo cos centros de ensino participantes, que na maioría dos casos participan nas sucesivas edicións do programa, propiciando que este programa non se converta en actividades meramente puntuais senón nun proceso continuo.

Alguns dos factores máis salientables deste proceso evolutivo son a consolidación e formación continuada do equipo humano e as melloras concretas na metodoloxía, como a información ou traballo previo co

profesorado, que derivou nunha mellora na actitude dos participantes, aumentado o interese e a participación activa durante a actividade. Outros aspectos metodolóxicos como a limitación do número de participantes ou a aplicación de técnicas interpretativas tamén influíron positivamente no desenvolvemento do programa.

Este proceso de cambio derivou nun aumento na calidade das actividades, como queda reflectido na avaliación do programa.

As actividades

O programa céntrase en actividades guiadas in situ en distintos espazos naturais e lugares de especial valor interpretativo-ambiental situados no entorno da sede do CEIDA. Máis concretamente aproveítanse os recursos presentes na franxa costeira situada entre as rías da Coruña e a de Ares - Betanzos, (Oleiros –A Coruña) que mostran a pequena escala os valores naturais, culturais e socioeconómicos do resto da beiramar galega.

Nos roteiros guiados visítanse espazos litorais como:

- *A ría do Burgo*, unha importante zona húmida que, malia as intervencións humanas, acolle numerosas aves acuáticas e mariñas. Presenta unha gran biodiversidade por ser un punto de

confluencia de auga salgada e doce, o que posibilita tamén a cría de marisco, con extracción a pé ou en barca de importantes poboacións de moluscos.

- *O porto de Lorbé*, onde coexisten artes e modos de pesca tradicional con modernas instalacións de cultivos mariño. Supón unha ocasión para comprender a importancia social do mar en Galicia grazas ao contacto cos mariñeiros e re-deiras deste pequeno porto.
- *A bahía de Santa Cruz* (onde se encontra situado o Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA), coa baixada da marea convertese nun espazo óptimo para que os visitantes descubran a flora e fauna da zona intermareal e as adaptacións que estas presentan para sobrevivir ás condicións ambientais extremas producidas pola subida e baixada das augas.
- *A Costa de Dexo-Serantes* declarada Espazo Natural Protexido, baixo a figura de protección “Monumento Natural”, xa que representa unha das poucas áreas naturais ben conservadas da Costa Ártabra, e por este motivo tamén se incluíu na Rede Natura 2000. Representa un lugar de gran importancia ecolóxica, tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e pola súa paisaxe. A estes valores naturais e, sobre todo paisaxísticos, súmanse valores histórico-patrimoniais. Neste espazo encóntrase a Aula do Mar · Centro de Recepción de visitantes do Monumento

Natural da Costa de Dexo – Serantes. Este equipamento, situado na antiga vivenda do fareiro dos faros de Mera, presenta unha exposición interpretativa permanente e dende a súa apertura no ano 2006 é un dos recursos utilizados neste programa.

No último período e na actualidade a maioría das actividades guiadas do programa “*O mar e a costa, recursos valiosos para todos*” céntranse na Costa de Dexo-Serantes. Cabe sinalar o porqué desta decisión. O carácter aberto e dinámico do programa permitiu adaptarnos a dúas realidades. Por unha banda, dende o comezo do programa no ano 2004, ofertáronse visitas guiadas ao Monumento Natural, o que permitiu detectar que gran parte dos centros de ensino, inclusive os máis próximos xeograficamente, descoñecían a súa existencia. Por outra banda, cada día é máis evidente o deterioro do medio mariño e litoral, e da urxente necesidade de tomar medidas para evitalo, entre as que se atopan a protección de espacios naturais litorais e a declaración de áreas mariñas protexidas. Estas dúas realidades son o motivo de que se centren as actividades do programa “*O mar e a costa, recursos valiosos para todos*” no Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.

Para reforzar estes roteiros guiados desenvólvense actividades complementarias como:

- *Talleres e audiovisuais.* Estas actividades plantéxanse como un reforzo ás actividades guiadas ou cando as condicións climatolóxicas non permiten a realización das actividades guiadas no exterior.
- *Exposicións itinerantes.* Están deseñadas e producidas polo CEIDA e préstanse temporalmente aos centros de ensino que o solicitan. A temática das mostras está relacionada co medio mariño; as problemáticas, a necesidade de conservación e a relación das xentes co mar son algúns dos aspectos que tratan. As exposicións coas que contamos actualmente son tres:
 - Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - O Patrimonio Marítimo de Galicia

Todas as actividades do programa “O mar e a costa, recursos valiosos para todos” pretenden, de maneira lúdica e participativa, traballar a niveles afectivos e cognitivos, co fin de espertar emocións e proporcionar aos participantes experiencias significativas e enriquecedoras. Con estas actividades non se pretende facer unha mera lectura do ambiente, un simple coñecemento dos valores naturais ou ecolóxicos dos ecosistemas mariños e litorais. Preténdese ir máis alá, dar unha visión global do ambiente tendo en conta aspectos naturais, sociais, culturais, económicos..., amosar o ambiente como un sistema com-

plexo con múltiples interaccións e incentivar a análise crítica das problemáticas ambientais, das súas consecuencias e da necesidade de actuar, tanto individual como colectivamente na súa resolución. Polo tanto o fin último destas actividades é fomentar actitudes e comportamentos positivos cara a conservación e uso sustentable do medio mariño e litoral.

Dado que o programa está aberto a todos os niveis do sistema educativo, as actividades están adaptadas ás características do grupo participante: idade, número de participantes, duración e horarios de comezo e remate, características especiais (diminuídos físicos e/ou psíquicos, grupos de integración social, etc).

En canto á avaliación das actividades, os responsables dos centros participantes realizan un cuestionario no que valoran cuantitativa e cualitativamente diversos aspectos do programa: información previa, duración, temporalización, recursos utilizados, equipo de educadores,... Despois de cada actividade, o equipo de educadores reúnese e, a través dun cuestionario, realiza tamén unha avaliación interna valorando aspectos como a participación, interese, comportamento, coñecementos previos dos participantes, e outros aspectos da actividade realizada.

Os resultados

Dende o comezo do programa, no ano 2004, ata abril do 2008 participaron 765 grupos e 49763 persoas (Gráfico 1). Máis da metade dos participantes do programa, concretamente un 60%, son público escolar. Nas actividades guiadas participaron 242 centros de ensino cun total de 8766 participantes. O aumento do número de participantes anos tras ano foi debido a varias razóns: a ampliación do equipo humano, a un maior esforzo publicitario entre os colectivos que menos participaron en anos anteriores, a un aumento do número de grupos que repiten a súa participación

nas distintas edicións do programa, e a incorporación ao programa no ano 2006 das exposicións itinerantes.

Como se pode apreciar no seguinte gráfico (Gráfico 2) o programa presenta unha marcada estacionalidade. A maior afluencia de público escolar correspóndense co período comprendido entre os meses de marzo - xuño. Isto non é de estrañar xa que hai unha clara influencia das condicións meteorolóxicas debido a que a maior parte das actividades que forman o programa son no exterior, excepto as exposicións itinerantes que polo seu formato están pensadas para traballar nun espazo pechado.




Gráfico 1: Distribución dos participantes ao longo do período 2004-2007

Relación de participantes por mes:




Gráfico 2: Distribución dos participantes por meses (ano 2006)

Como xa se comentou anteriormente o programa está aberto a todos os niveis do sistema educativo. Os centros que máis participan son os de educación primaria, seguidos dos de educación secundaria. Tamén destacar a participación de centros de educación especial, os gran esquecidos dos programas de educación ambiental para centros escolares, xa que habitualmente non se lles ofertan este tipo de actividades (Gráfico 3).

Como cabo, dicir que o programa de educación e sensibilización ambiental “*O mar e a costa recursos valiosos para todos*” pretende ser un pequeno gran de area na conservación do medio mariño e litoral, tratando de que o público escolar sexa consciente da importancia que poden chegar a ter os nosos comportamentos cotiáns no seu deterioro e das posibles actuacións a prol da súa conservación.

Bibliografía

- CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (2006): *Memoria de actividades: CEIDA 2001-2005*. A Coruña: CEIDA.
- MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (1996): *Seminarios permanentes de educación ambiental*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (1999): *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- MUELA, Lourdes; et al. (2000): *Azterkosta: Unidades didácticas. Educación ambiental sobre la costa: Educación secundaria*. Vitoria-Gasteiz: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco.
- PARQUE REGIONAL DE LE GROANE e PARQUE REGIONAL ADDA NORD (orgs.) (1997): *Seminario sobre Educación Ambiental en Espacios Naturales Protegidos: [9 al 20 de junio de 1997, Parque del Ticino, Lombarda (Italia)]*. Madrid: Fundación Fernando González Bernáldez.
- PEREIRA CORDIDO, José Manuel; GUTIÉRREZ ROGER, Xulio; RODRÍGUEZ ROGINA, Alberto (2000): *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Santiago de Compostela: Consellería de Medio Ambiente. (Colección Técnica de Medio Ambiente).
- UNESCO (1975): “El Seminario Internacional de Educación Ambiental de Belgrado (1975)”. En María NOVO: *La educación ambiental: Bases éticas, conceptuales y metodológicas*. Madrid: Universitas.
- SERANTES, Araceli (coord) (1999): *Educación Ambiental nos Espacios Naturais Galegos*. A Coruña: Universidade da Coruña, INECO e Deputación da Coruña.




Gráfico 3: Distribución dos participantes por nivel educativo

As Axendas 21 Escolares en Galicia: procesos incipientes

Camilo Ojea. Sociedade Galega de Educación Ambiental (Galiza-España)

Resumo

No curso escolar 2004-05 púxose en marcha un programa para implementación de procesos de Axenda 21 Escolares (A21E) en Galicia, promovido pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Catro anos despois, uns 40 centros educativos galegos de ensino infantil, primario e secundario participan no programa "A Axenda 21 Escolar de Galicia" (en adiante A21EG), promovido actualmente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (en adiante CMADS) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (CEOU). Existen moitos programas similares en localidades distribuídas por todo o mundo; no estado español son referencia os proxectos de Barcelona (promovido polo seu concello) e Euskadi (governo vasco).

Abstract

During the 2004-05 academic year, a programme was initiated to put into practice the processes of the 21 School Agenda in Galicia, promoted by the Environmental Council of the Regional Government (Xunta) of Galicia. Four years later, some 40 Galician infant, primary and secondary schools take part in the "21 School Agenda in Galicia" (henceforth 21SAG), which is currently promoted by the Council for the Environment and Sustainable Development (henceforth CESD) and the Council for Education and University Organisation (CEUO). There exist many similar programmes in places throughout the world. Within the Spanish state the projects in Barcelona (promoted by the City Council) and in Euskadi (by the Basque government) are of particular note.

Palavras chave

Axenda 21 Escolar, educación ambiental, sostenibilidade

Key-words

21 School Agenda, environmental education, sustainability.

Que é unha Axenda 21 Escolar?

Unha Axenda 21 Escolar (en adiante A21E) é un programa educativo que recolle o compromiso plantexado no Cumio da Terra (celebrado no ano 1992, en Río de Janeiro), aplicando as propostas da Axenda 21 ou Programa 21 no ámbito de actuación das comunidades educativas: os centros educativos e os seus municipios.

Están destinados a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente, nais / pais..., outros axentes do concello implicados en dita comunidade educativa) e son procesos que pretenden implementar o concepto de sustentabilidade no ámbito do ensino a través da ambientalización dos centros educativos, e que, como grandes obxectivos, perseguen a sustentabilidade ambiental, a equidade social e a paz.

As A21E trasladan a metodoloxía das Axendas 21 Locais (FEG, 2003) aos contextos dos centros educativos.

En que contexto se desenvolve?

O contexto destes programas é tanto o ámbito escolar como o local: a escola formando parte dun entorno co que interactúa, do que depende e ao que pode / pretende transformar.

Este marco de actuación proporciona unha grande oportunidade: a propia escola / entorno como comunidade que diseña estratexias, desenvolve accións e experimenta propostas de sustentabilidade e de democracia participativa que se integran dende o ámbito escolar no ámbito local, formando cidadáns activos, participativos, críticos, responsables...

	Axenda 21 Local (A21L)	Axenda 21 Escolar (A21E)
¿CANDO?	<i>A proposta do capítulo 28 da Axenda 21. Cada Concello decide cando comeza.</i>	<i>Pode comezar de varias maneiras: autónomamente ou coa invitación do Concello para participar na A21L.</i>
¿QUE?	<i>Proceso no que as autoridades locais traballan conxuntamente con todos os sectores da comunidade local en pro da sostiabilidade, elaborando plans de acción que serán aplicados a nivel local.</i>	<i>Proceso no que a comunidade escolar ou parte dela, elabora uns plans de acción para aplicar a sostiabilidade a escala do seu centro e do entorno máis inmediato.</i>
¿QUEN?	<i>As autoridades locais, en colaboración cos representantes sociais.</i>	<i>Un grupo motor asume a responsabilidade de impulsar o proxecto, do que participa toda a comunidade educativa.</i>
¿ONDE?	<i>Concello.</i>	<i>Centro educativo e entorno máis inmediato.</i>

Cadro 1: Comparación da metodoloxía utilizada nas A21L e A21E. Adaptado de Guía para hacer la Agenda 21 Escolar (Weisman e Llabrés, 2001).

Cales son os seus obxectivos?

Como programas educativoambientais que son (sen entrar en debates acerca de se é ou debería ser educación para a sustentabilidade, educación para o desenvolvemento sustentabel, etc.) perseguen os obxectivos inherentes á educación ambiental (os recollidos na Carta de Belgrado e na Estratexia Galega de Educación Ambiental).

Pero ademais as A21E teñen uns obxectivos máis operativos, relacionados co día a día e coa problemática específica dos centros educativos nos que se desenvolven:

- Mellorar a xestión ambiental e a organización dos centros.
- Promover a participación e unha maior implicación de todos os sectores da comunidade educativa, dando un maior protagonismo ao alumnado na toma de decisións (tanto sobre a súa propia aprendizaxe como sobre as cuestións organizativas relacionadas co centro / entorno).
- Renovar a práctica docente, o xeito de ensinar, promovendo a innovación metodolóxica e a revisión curricular.
- Reforzar a colaboración entre o propio centro e os organismos e entidades do entorno, especialmente coa administración local, outros centros educativos e asociacións locais e comarcais.

- Mellorar a comunicación, tanto interna coma na difusión das propias iniciativas.

Iniciar un proceso de A21E é unha grande oportunidade para avanzar cara comunidades educativas máis coherentes cos principios da sustentabilidade, tendo a posibilidade de experimentar estratexias democráticas máis participativas:

- Analizárase conxuntamente (profesorado, alumnado, persoal non docente...) o traballo que se está a desenvolver, diagnosticando a situación e elaborando propostas de mellora que se recollerán nun Plan de Acción.



Foto 1 e 2: Coa A21E lógrase un importante avance na xestión ambiental dos centros educativos

- Desenvolverase un proxecto común: as A21E son proxectos de centro, onde todos os sectores son necesarios.
- Aplicarase unha visión integral: o ambiente é complexo, son necesarias respostas complexas, concebindo o “medio ambiente” non só como o ámbito estritamente natural, senón como o entorno que integra os aspectos naturais, económicos, socioculturais, políticos, estéticos.
- Terase una referencia moi clara, o contorno máis inmediato; sen perder a perspectiva global: actuar localmente, pensando globalmente.

Educar para e na sustentabilidade supón capacitar para o cambio: os centros educativos son espazos idóneos para aprender a vivir de maneira máis sustentabel; revisando a filosofía ambiental, analizando a xestión e organización do centro, as súas rutinas de funcionamento e as estratexias educativas, promovendo a corresponsabilización e a participación de tod@s na elaboración e implementación dun plan de traballo (con obxectivos a curto e longo prazo) para mellorar a xestión integral e a práctica educativa.

A “A21E proporciona á comunidade educativa unha visión global do mundo que lle permite comprender e actuar no seu entorno próximo; ferramentas para desenvolver a autonomía e o traballo cooperativo, a creatividade, a participación e a liberdade; formación en contacto coa realidade, con

problemas reais para reflexionar sobre as súas solucións e sobre os propios procesos de aprendizaxe” (GUTIERREZ, 2007).

Cales son os ámbitos de traballo?

Xeralmente os centros escollen unha temática socioambiental sobre a que traballar durante un ou varios cursos escolares (tamén se poden escoller varias para ser abordadas a un tempo); deste xeito céntranse esforzos e é máis fácil organizar o traballo e valorar os cambios e melloras acadadas.

O máis habitual é que se elixan inicialmente temas tradicionais nos proxectos de educación ambiental (consumo de recursos, xestión de residuos, investigacións sobre a biodiversidade e o medio natural...) e logo abordar outras temáticas (alimentación saudábel, pegada ecolóxica, consumo responsable...).

Os principais ámbitos propostos, recollidos na “Guía de introdución á Axenda 21 Escolar” (GUTIERREZ, FERNÁNDEZ, OJEA e PRESA, 2007) son -os primeiros son temas máis clásicos-:

- Papel e cartón: análise do uso, redución do consumo e uso eficiente, separación e recollida selectiva...



Fotos 3, 4, 5 e 6: O alumnado debe ser o verdadeiro protagonista na xestión ambiental dos centros educativos

- Zonas verdes no centro e entorno: valoración do estado de xardíns, patio escolar; creación dun horto escolar / xardín botánico; análise dos impactos e propostas.
- Recursos enerxéticos: estudo do consumo; medidas de aforro e uso eficiente; estudo da procedencia dos recursos enerxéticos consumidos e impactos xenerados; promoción das enerxías renovables...
- Xestión de residuos: análise da xeneración; propostas para a redución e reutilización; separación e recollida selectiva; redución e control de residuos tóxicos e perigosos...
- Xestión da auga: análise da cantidade e calidade da auga consumida; medidas para o aforro e eficiencia; contaminación da auga no centro / Concello...
- Biodiversidade / medio natural: estudo da biodiversidade no centro / Concello; cultivos e diversidade xenética; espazos naturais de interese; especies ameazadas; especies invasoras; repoboacións forestais; paisaxe; incendios forestais...
- Mobilidade e transporte: uso do transporte privado e público e da bicicleta; redución do tráfico e do ruído; mobilidade e camiño escolar...
- Alimentación saudable: análise do consumo de alimentos no centro e no fogar; hábitos saudables e propostas de mellora; introdución de produtos de produción ecolóxica...
- Outras accións para á saúde: consumo de drogas e as súas consecuencias; se-

- xualidade responsable; alternativas para o ocio; atención a persoas maiores: actividades de contacto e intercambios interxeracionais...
- Contaminación atmosférica e acústica: calidade do aire; análise da emisións contaminantes do centro / fogares / Concello; medición dos niveis de ruído...
- Actuación fronte ao Cambio Climático: cálculo da cantidade de CO² per capita; propostas para a redución de GEI; realización de estudos fenolóxicos...
- Ordenación do territorio e planificación urbanística: usos do solo no Concello; análise do PXOU e outros plans; “feísmo”; investigación sobre os impactos no Concello e proposta de alternativas; planificación de camiños escolares seguros; elaboración de mapas emocionais; valoración da despoboación do rural...
- Cálculo da Pegada Ecolóxica: análise da pegada ecolóxica do centro e do concello; propostas para a súa redución...
- Consumo responsable / Comercio xusto: propostas para a redución do consumo; uso de produtos reciclados e con pouca embalaxe; promoción e consumo de produtos locais, de produción ecolóxica e de comercio xusto...
- Cooperación ao desenvolvemento: colaboración con proxectos de ONGs locais, galegas,...; contacto / intercambio con escolas doutros países...
- Igualdade e Xustiza social: desigualdades entre homes e mulleres; discriminación laboral; emigración e convivencia; interculturalidade; loita contra a pobreza...

- Bens culturais comúns: investigacións e propostas para a conservación do patrimonio cultural material e inmaterial; estudo da toponimia...

O ámbito de traballo non é máis que unha excusa para organizar o traballo, un dos medios para acadar os obxectivos da A21E. Cada centro pode escoller un ou dous (ou máis, aínda que sería complexo abordalos en profundidade) para traballar durante un ou varios cursos, xa que desenvolver todas as fases para cada ámbito nun só curso é complicado; cada centro marca o seu ritmo. Tamén se poden escoller outras temáticas máis específicas, relevantes no seu contexto, que permitan avanzar cara un modelo de escola máis sustentábel.

Pasos a dar

O traballo organízase nunha serie de fases, dun xeito similar en diversos programas, como no caso das propostas de Barcelona, Galicia e Euskadi (Fernández, 2002; López e García, 2004; Weisman e Llabrés, 2001).

Como xa se comentou anteriormente, faise unha adaptación da metodoloxía das Axendas 21 Locais aos contextos escolares. Isto debe facerse dun xeito flexible, xa que cada centro ten os seus ritmos, a súa traxectoria e as súas circunstancias.

Organízanse secuencialmente dun xeito semellante ao que se expón; ás veces cámbiase a orde e / ou a denominación dalgunha delas:

- Fase de sensibilización / motivación.
- Organización e planificación.
- Diagnose: avaliación da situación.
- Elaboración e implementación de propostas: Plan de Acción.
- Avaliación e comunicación.

A finalidade da diagnose é obter unha valoración da situación do centro (integrado no entorno: cidade ou concello) en relación ao ámbito de traballo elixido, analizando e identificando os problemas e necesidades existentes que hai que tratar de solucionar.

É moi importante que esta diagnose non se limite exclusivamente á dimensión organizativa ou de xestión, senón que se analicen tamén os aspectos relativos ás dimensións programáticos-curriculares e de participación (a modo de exemplo: se diagnosticamos o consumo dun determinado recurso no centro / entorno, non valoraremos só de que modo estamos utilizando ese recurso, de onde procede, que medidas de aforro / eficiencia aplicamos ou non, que relación ten con outras problemáticas, que residuos se xeneran e o seu tratamento... tamén analizaremos que contidos se traballan, que disciplinas están máis relacionadas e como poden integrarse as outras, como mellorar a práctica docente e a coordinación do profesorado

en relación a eses contidos, como incluílos e artellalos nos diversos proxectos do centro... valoraremos como poden participar os diversos sectores da comunidade educativa na elaboración e posta en marcha das accións necesarias, que oportunidades temos para aproveitar a situación e mellorar a implicación dos sectores máis desconectados, como comunicaremos as problemáticas detectadas e os resultados acadados...).

Coas conclusións obtidas deseñaremos propostas concretas, elaborando un Plan de Acción con medidas a curto, medio e longo prazo. Estableceremos uns indicadores (intimamente ligados aos obxectivos) que nos permiten valorar os cambios, para avaliar e realimentar o proceso.

Un “grupo motor”, xeralmente formado por profesores e profesoras, asume a responsabilidade de impulsar o proxecto. Cando o proceso estea máis maduro créase un órgano para organizar o traballo e canalizar a participación con representación de todos os sectores (persoal docente e non docente, alumnado, nais / pais, representantes das entidades do concello), o Comité Ambiental. Algúns centros crean este Comité xa dende o primeiro momento.

Que melloras concretas pode acadar un centro que inicie unha A21E?

Estructúranse en relación ás 3 dimensións principais dunha A21E: aspectos organizativos e de xestión; aspectos programático - curriculares; aspectos relativos á participación / implicación da comunidade educativa.

Aspectos organizativos e de xestión:

1. Mellor aproveitamento dos recursos:

- *Recursos materiais:* existe un elevado consumo de recursos (papel; auga; recursos enerxéticos destinados a iluminación, calefacción e transporte; etc.) e apenas se aplican criterios que permitan reducir / racionalizar o consumo e mellorar a eficiencia. Poden e deben acadarse avances importantes.
- *Recursos humanos:* ademais do relativo á xestión do persoal do propio centro (que ten moito que ver coa mellora no clima social e o aumento da motivación que se logra con este tipo de proxectos) identificaremos e activaremos outros dispoñibles no noso contorno (administración local, asociacións, ...) que, en moitos casos, están dispoñibles e agardando que se contacte con eles, para plantexarlles participar dun proxecto común.

- *Recursos económicos,* a través da colaboración con institucións e empresas da comarca. As medidas de promoción do aforro e eficiencia no uso dos recursos poden supoñer un aforro económico importante (como xa se ten demostrado, por exemplo nalgúns centros que teñen realizado auditorías enerxéticas).
 - *Recursos didácticos:* recursos naturais, etnográficos, culturais... que serán mellor aproveitados mediante o traballo interdisciplinar e novas propostas metodolóxicas.
 - *Recursos pedagóxicos:* co contacto, coordinación e posta en marcha de novas liñas de traballo compartidas entre centros educativos cercanos e compañeiros-as que traballan neles. A realidade é que os centros, aínda cercanos xeograficamente, funcionan como auténticas illas na inmensa maioría dos casos. Tamén se acadará unha maior colaboración entre o persoal do centro, moi necesario sobre todo no ensino secundario.
2. *Coordinación de proxectos:* cando un centro participa en varios diferentes habitualmente estes están desconectados, desenvólvense en paralelo, coa perda de recursos e a menor eficacia que iso supón. Ademais, coa aplicación da nova lei educativa (a LOE), estanse a producir moitos cambios a nivel organizativo e plantéxanse novos proxectos que os centros deben implantar: Plan TIC, Plan de Conviven-

cia, Proxecto Interdisciplinar, Proxecto Lector, etc. A A21E pode servir como esqueleto artellador de todos eles, dándolles coherencia e dotándoos de obxectivos comúns. A A21E é (ou debería ser) un proxecto de centro, polo tanto os seus obxectivos e liñas de traballo deben estar presentes en todos os seus programas, recollidos no Proxecto Educativo de Centro.

Aspectos programático – curriculares

1. *Traballo interdisciplinar*: nas programacións didácticas hai moitos contidos que non se poden desenvolver en profundidade dada a súa gran extensión. Un xeito de avanzar neste aspecto é o de traballar dun xeito máis coordinado e interdisciplinar, coa colaboración activa de todos os departamentos, integrando pautas de traballo da A21E nas xuntanzas da Comisión de Coordinación Pedagóxica. É importante escoller ámbitos de traballo cos que os diferentes Departamentos Didácticos se sintan identificados, abordando contidos comúns a moitas disciplinas. Melloráranse as “competencias básicas”, a nova referencia que nos trae a LOE.
2. *Adaptación do alumnado*: os novos alumnos e alumnas nos centros de secundaria experimentan un cambio brusco na forma de traballar, percibindo unha gran compartimentación en-

tre os contidos de materias diferentes (vanse acostumando co paso dos cursos e aceptando unha nova visión máis compartimentada) o que provoca grandes problemas á hora de buscar solucións integrais e traballar en proxectos globais. Coas liñas de traballo da A21E podemos solucionar unha parte do problema. É interesante integrar no Proxecto Interdisciplinar os ámbitos da propia A21E para cada curso.

Aspectos relativos á participación/ implicación da comunidade educativa

1. *Actitude do alumnado*: en xeral é unha actitude pasiva, aínda que conta cun gran potencial. Estes procesos, a través das novas propostas plantexadas e os cambios nos procesos de ensino-aprendizaxe, reactivaos e dótaos dun plus de motivación.
2. *Implicación das familias*: que no día a día de moitos centros é mínima, limitándose practicamente a cuestións académicas. Permite mellorar a comunicación, coñecer a percepción que nais e pais teñen do centro así como as súas necesidades. Lógrase que fagan propostas e participen tanto dende o fogar como noutras actividades do centro.
3. *Persoal dos centros*: xeralmente non hai unha gran implicación e / ou promoción de proxectos comúns. Os do-

centes traballan de forma intensiva dentro da aula, pero en moitos casos non participan / impulsan experiencias compartidas e interdisciplinares. O persoal non docente é clave, sendo fundamental dotalos de protagonismo. Estas iniciativas melloran estes aspectos e consiguen unha maior identificación do persoal co centro e a localidade onde traballan.

O programa “A Axenda 21 Escolar de Galicia” (A21EG)

Durante o curso 2004-05 púxose en marcha un proxecto piloto impulsado pola entón chamada Consellería de Medio Ambiente que pretendía a implantación de procesos de Axenda 21 Escolar en Galicia (A21EG). Seleccionáronse 16 centros (8 de ensino primario e 8 de ensino secundario) aínda que sen un criterio claro. Os recursos cos que se contou nesta fase foron moi escasos: non existía persoal para o asesoramento aos centros e elaborouse tan só un manual como recurso de apoio (López e García, 2004). Nesta fase, que comprende os cursos académicos 2004-05 e 2005-06, os centros puxeron a andar os seus proxectos sen unha motivación clara e sen recursos adecuados. Aínda que non hai constancia de que se fixera ningún tipo de avaliación, estímase que só 4 dos 16 centros desenvolveron un mínimo de actividades (SGEA, 2007).

Tras a constitución dun grupo de traballo específico sobre A21E no seo da Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e os contactos establecidos cos responsables da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (CMADS), séntanse as bases para o impulso dunha nova fase (ou máis ben un novo programa) sobre A21E en Galicia.

Tras a incorporación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (CEOU) e a implicación dalgúns concellos - partícipes do proxecto “Núcleos de Sostibilidade Integrada” (NSI)- o programa acaba de cumprir o seu cuarto ano de vida.

Vexamos algúns dos aspectos máis destacables do mesmo e algunhas recomendacións, recollidas logo da celebración das “V Xornadas da Sociedade Galega de Educación Ambiental” (SGEA, 2007) e as xornadas “II Encontros da A21EG”.

Entidades organizadoras

Ademais das dúas Consellerías da Xunta de Galicia, participan oficialmente tan só os 13 concellos do proxecto NSI. Este é un dos puntos febles, xa que as A21L están pouco desenvolvidas en Galicia (FEG, 2005).

Segundo datos da Consellería de Medio Ambiente en Galicia estanse implementando 39

Axendas 21 Locais (algunhas destas iniciativas son mancomunadas, implicando en total a 78 concellos). A pesar da valoración que se fai (incluída no documento “Proxecto de Núcleos de Sostibilidade Integrada”) “Inclúense -no conxunto das 39 A21L- sete das nove grandes cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Ferrol, Santiago, Vigo e Monforte de Lemos), polo que máis da metade da poboación galega habita en municipios que emprenderon o camiño da sostibilidade local coa implantación da Axenda 21” o número é baixo (téñase en conta que existen máis de 300 concellos en Galicia) e reflicte a realidade deste tipo de proxectos no noso país: pouca implantación e escasos logros (FEG, 2005). Os proxectos das grandes cidades resultaron en xeral un fracaso; formaron parte dun megaproxecto (promovido pola entidade supramunicipal Eixo Atlántico) que tentou aplicar unha mesma metodoloxía a realidade moi diversas, con carencias na parte técnica (realización de auditorías ambientais) e unha irregular proposta para integrar aos axentes sociais nun proceso participativo (promovendo foros pero non creando un órgano permanente para canalizar unha participación real e con continuidade). Os proxectos de A21L da meirande parte das grandes cidades están actualmente nunha vía morta.

A experiencia piloto denominada “*Núcleos de Sostibilidade Integrada*” desenvolveuse nos concellos de: Abegondo, Covelo, Comarca de Pontevedra (concellos de Barro,

Poio, Pontecaldelas e Vilaboa), Guitiriz, Muros, O Barco de Valdeorras, Reserva da Biosfera de Allariz (concellos de Allariz, A Bola, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos).

Entre outras actuacións, nos NSI implantáranse A21E nos centros educativos do concello (como requisito solicitábase o compromiso dos centros de ensino para desenvolve-las), integrándose e artellándose co resto de iniciativas do proxecto no “*plan integrado de sostibilidade local*”.

É necesario:

- Involucrar a todos os gobernos locais dos concellos onde se localizan os centros educativos.
- Un dos puntos clave pode ser o de facer participe ao movemento asociativo, contando co apoio e asesoramento das principais asociacións ambientalistas galegas, promovendo a implicación das asociacións máis activas e representativas en cada concello ou comarca, identificándoas e facéndolles unha proposta de colaboración.

Participación dos centros educativos

Dos 16 centros que participaron na primeira fase, só 9 continuaron o proceso a partir do curso 2006-07. En outubro de 2007

o equipo asesor contaba con 55 centros preinscritos dos que un total de 39 desenvolveron finalmente algún tipo de actividade (según datos presentados nas xornadas “II Encontros da A21EG”, celebradas en xuño de 2008).

Globalmente, a participación dos centros foi bastante irregular: incorporáronse os centros pertencentes aos NSI pero algúns dos centros veteranos desconectáronse; entre os pertencentes aos NSI houbo algúns moi activos e outros que apenas avanzaron (inclusive entre centros do mesmo concello).

Relación de centros preinscritos a principios do curso 2007-08 (Cadro 2).

Recursos

Necesítase facer un esforzo importante para dotar ao programa con novos recursos, xa que os existentes son considerados claramente insuficientes polo profesorado que coordina os proxectos nos centros:

- Incrementando os recursos humanos destinados ao programa, xa que para atender en condicións a 52 centros (e ata 100 que se prevé incorporar cara o ano 2010) fai falta máis persoal. O equipo actual conta con 8 profesores-as pertencentes aos Centros de Formación e Re-

CENTRO	INCORPORACIÓN AO PROGRAMA	MUNICIPIO
CEIP “Virxe do Carme”	Curso 07-08	Burela
CEIP de Lourido	Curso 08-09 (NSI)	Poio
CEIP de Viñas	Curso 08-09 (NSI)	Poio
CEIP Isidora Riestra	Curso 08-09 (NSI)	Poio
CEIP Antonio Vázquez	Curso 08-09 (NSI)	Rairiz de V.
IES As Insuas	Curso 08-09 (NSI)	Muros
IES Fontexería	Curso 08-09 (NSI)	Muros
IES “Laxeiro”	Curso 07-08	Lalín
CEIP “O Ramo”	Curso 07-08	Fene
CEIP Baño-Xanza	Curso 07-08	Valga
CPR Galén	Curso 07-08	Lugo
CPI “Dr. López Suárez”	Curso 07-08	O Saviñao
CEIP “Pena Corneira”	Curso 07-08	Carballada
IES Poeta Díaz Castro	Curso 07-08	Guitiriz
IES “A Sangriña”	Curso 07-08	A Guarda
CPI de San Vicente	Curso 07-08	A Baña
IES de Valga	Curso 07-08	Valga
IES “Concep. Arenal”	Curso 07-08	Ferrol
IES “Fonmiñá”	Curso 07-08	A Pastoriza
CEIP Condessa Fenosa	Curso 07-08	O Barco de V.
CPI “Antonio Failde”	Curso 07-08	Coles
IES E. Blanco Amor	Curso 07-08	Ourense
IES de Poio	Curso 08-09 (NSI)	Poio
IES “A Granxa”	Curso 07-08	Ponteareas
CEIP M. Cordo B.	Curso 08-09 (NSI)	Pontecaldelas
IES de Fene	Curso 07-08	Fene
IES Pontecaldelas	Curso 08-09 (NSI)	Pontecaldelas
IES Lama das Quendas	Curso 07-08	Chantada
IES Paseo das Pontes	Curso 07-08	A Coruña
IES de Ponte Caldelas	Curso 08-09 (NSI)	Pontecaldelas
CEIP A. Blanco Rguez.	Curso 08-09 (NSI)	Covelo , O
CEIP Ramón de Artaza M.	Curso 08-09 (NSI)	Muros
IES “Terra de Xallas”	Curso 07-08	Sta Comba
IES de Quiroga	Curso 07-08	Quiroga
CPI de Rodeiro	Curso 07-08	Rodeiro
CEP de Riomaíor	Curso 08-09 (NSI)	Vilaboa
CEIP Ricardo Tobío	Curso 08-09 (NSI)	Muros
IES Lauro Olmo	Curso 08-09 (NSI)	O Barco
CEIP Julio Gurriarán	Curso 08-09 (NSI)	O Barco
CEIP Ramón Otero	Curso 08-09 (NSI)	O Barco
CEIP Padre Feijoo	Curso 08-09 (NSI)	Allariz
IES de Allariz	Curso 08-09 (NSI)	Allariz
IES de Melide	Curso 07-08	Melide
CEP de Espedregada	Curso 08-09 (NSI)	Poio
IES “Salvador Moreno”	Curso 07-08	Marín
CEIP A Reigosa	Curso 08-09 (NSI)	Pontecaldelas
CEIP S. Estevo de Parga	Curso 08-09 (NSI)	Guitiriz
CEIP Lagostelle	Curso 08-09 (NSI)	Guitiriz
IES Martaguisela	Curso 08-09 (NSI)	O Barco
CEIP de Louro	Curso 08-09 (NSI)	Muros
CEIP San Marcos	Curso 08-09 (NSI)	Abegondo
IES de Barro	Curso 08-09 (NSI)	Barro

cursos da GEOU e 3 técnicos da CMADS, pero non hai ningunha persoa destinada a tempo completo e as destinadas actualmente ao programa están sobrecargadas de traballo, de proxectos moi diversos. É básico maior asesoramento e máis personalizado, co contacto / visitas ao inicio de cada curso escolar e visitas periódicas aos centros durante o curso.

- Facendo unha compilación dos materiais didácticos existentes e creando tanto novos materiais temáticos contextualizados na realidade galega, coma materiais específicos que axuden nos aspectos de novas metodoloxías, dinamización de grupos, avaliación de actividades e programas, etc.
- A páxina web do programa debe ser operativa e dispoñer de ferramentas adecuadas para a presentación e intercambio de propostas e experiencias,

Formación e intercambio de experiencias

Ata o momento a formación tense limitado a un seminario (maio de 2006) e a 2 cursos de formación inicial (principios dos cursos 2006 e 2007). Hai que reforzar e ampliar o programa de formación tratando outros aspectos demandados polos-as coordinadores da A21E (dinamización de grupos, avaliación de actividades e programas...).

Ata o momento potenciáronse os cursos semipresenciais (a través da Plataforma PLATEGA) e moitos docentes presentaron queixas sobre este punto. A formación on-line debe ser cumprimentada con encontros presenciais, organizando seminarios para o contacto in vivo dos participantes, xa que apenas se crearon espazos para o intercambio de experiencias e estas fortalecen os programas formativos, resultan motivadoras e enriquecedoras.

Asimesmo, non hai que esquecer a formación doutros sectores da comunidade educativa. Debe promoverse a formación específica de persoal non docente e deseñar propostas exclusivas destinadas a nais/pais. Tamen é necesario formar adecuadamente aos técnicos dos concellos que participen no programa.

As actividades para o contacto e intercambio do alumnado, dándolle un maior protagonismo na organización das mesmas, reforzarán a súa implicación.

Ámbitos de traballo

Os temas máis elexidos son os tradicionais en proxectos educativoambientais, destacando a análise do consumo de recursos (papel, auga enerxía), da xestión de residuos e o estudo do medio natural / biodiversidade. Isto é propio de procesos de A21E nacentes, pouco maduros, lóxico

dado o contexto do programa A21EG. Algúns centros comezaron durante o curso 2007-08 a desenvolver propostas relativas a outras temáticas: alimentación saudable, actuacións fronte ao cambio climático e consumo responsable, entre outras.

Algunhas suxerencias relativas a este apartado:

- Potenciar a elección de temas cun carácter integral, nos que as dimensións naturais e socioculturais teñan peso específico; así o profesorado de diversas disciplinas sentirase máis identificado e motivado.
- Analizar que temáticas interesan para o vindeiro curso escolar, facendo un esfor-

zo na selección e creación de recursos en relación aos ámbitos de interese.

- Motivar aos participantes para que se traballen outros ámbitos ademais dos máis tradicionais en educación ambiental.
- Organizar seminarios para o intercambio de experiencias e resolución de problemáticas comúns a centros que traballen aspectos similares.

Metodoloxías de traballo

Facendo unha valoración dos procesos desenvolvidos en relación ás fases de implementación dunha A21E esténdase a apreciación que na meirande parte dos casos fíxose un

Centros da A21EG. Curso escolar 06-07.	Tema central	Xunto con outros	Actividades puntuais	TOTAL
Uso de papel e cartón.	-	3	1	4
Zonas verdes no centro e entorno.	1	2	1	4
Consumo de enerxía.	1	6	1	8
Xestión de residuos.	4	4	3	11
Xestión da auga.	2	1	2	5
Biodiversidade/investigacións medio natural.	3	1	1	5
Mobilidade e transporte.	-	-	-	-
Alimentación saudable.	-	1	-	1
Outras accións para á saúde.	-	-	-	-
Contaminación atmosférica e acústica.	-	-	-	-
Actuación fronte ó Cambio Climático.	-	-	1	1
Ordenación do territorio e planificación urbanística.	-	-	-	-
Cálculo da Pegada Ecolóxica.	-	1	-	1
Consumo responsable / Comercio xusto.	-	-	1	1
Cooperación ao desenvolvemento.	-	1	-	1
Igualdade e Xustiza social.	-	-	-	-
Bens culturais comúns.	-	-	-	-
Outras posibilidades.	-	2	-	2
TOTAL	11	22	11	-

Cadro 3: *Temática nas A21E. Fonte: Documentos das V Xornadas da SGEA (SGEA, 2007).*

gran esforzo no desenvolvemento de iniciativas de sensibilización e motivación, tal e como pode verse na seguinte táboa.

A análise fíxose sobre os proxectos do curso 2006-07, analizando a información exposta nas xornadas “I Encontro da A21EG”, celebradas en xuño de 2007.

Algúns centros comezan a realizar actividades de diagnose (auditorías enerxéticas ou sobre a xestión de residuos, algunha investigación sobre o uso da auga...).

Apréciase que é necesario facer fincapé nas fases de “avaliación” e “revisión curricular”, xa que a meirande parte dos proxectos analizados presentan carencias sobre isto. Outra necesidade para moitos centros: procurar desenvolver todas as fases para os ámbitos eleixidos.

Organización dos procesos nos centros

Cada centro decide participar e inicia a súa andadura cando o Consello Escolar asume e asina o Compromiso na A21EG “Educando pola Sostibilidade”, un documento que marca certos principios relacionados co consumo de recursos e a acción educativa (non explícita, entre outros, principios relacionados cunha participación máis democrática de todos os sectores da comunidade educativa).

A maioría dos centros atópanse nunha fase organizativa inicial, na que un grupo de profesorado (o chamado “grupo motor”) é o encargado de organizar as primeiras etapas, decide que temas se traballan e as estratexias para implicar ao resto do profesorado e a outros sectores. Os Comités

APARTADO / FASE	Desenvolvido amplamente	Puntualmente	TOTAL
Organización do proceso.	7	1	8
Sensibilización / Motivación.	14	-	14
Diagnose.	5	7	12
Acción / Investigación.	10	2	12
Avaliación.	-	1	1
Revisión curricular.	-	1	1
Programa actividades puntuais.	2	4	6
Participación noutros proxectos.	11 (*)	11	22

Nas columnas indicase se en dito apartado / fase se traballou dun xeito amplo ou só mediante actividades puntuais.
 NOTA: *hai centros que participan en varios proxectos a un tempo (en total 8 centros indicaron que participaban noutros proxectos).*
 (*)OUTROS PROXECTOS: *Proxecto Ríos; Voz Natura; Plan Valora; A21E da Coruña; Proxecto de cooperación para o desenvolvemento con gandeiros de Bolivia.*

Cadro 4: Metodoloxía empregada nas A21L. Fonte: Documentos das V Xornadas da SGEA (SGEA, 2007).

Ambientais son estruturas de moi escasa implantación ata o momento nos centros participantes.

Algunhas suxestións con respecto aos aspectos organizativos

- Potenciar a creación de Comités Ambientais nos centros (coa incorporación do resto de sectores da comunidade educativa), para o que se necesita formación específica, dar a coñecer experiencias exitosas, etc.
- Definir en maior medida a figura do coordinador da A21E, diferenciándoa dos dinamizadores doutros proxectos e recoñecéndolle funcións propias. A A21E no é so un proxecto de dinamización, ten un carácter máis integral e o traballo que asume o coordinador é máis complexo. Faise necesario establecer o recoñecemento horario do/a coordinador/a en función do tamaño do centro.
- Coa implantación da LOE é necesario desenvolver novos proxectos en cada centro: Proxecto Interdisciplinar, Plan TIC, Plan de Convivencia, Proxecto Lector, etc. Debe potenciarse o papel da A21E como núcleo vertebrador de ditos proxectos, dándolles coherencia e dotándoos de obxectivos comúns.
- A A21E pode artellar outros proxectos socioambientais nos que o centro par-

ticipa (tanto os da propia Administración -como “Climántica”, “Plan Valora”, etc.- como de asociacións ou outras entidades -como o “Proxecto Ríos”, “A Aposta”, “Voz Natura”, etc.-) creando sinerxias que posibiliten a eficiencia e o mellor aproveitamento dos recursos.

Implicación da comunidade educativa

Son poucos os centros nos que a implicación real no proceso de A21E vaia máis alá dun grupo de profesorado e, puntualmente, persoal non docente. O alumnado tamén participa, pero en xeral realizando actividades, en moi poucos casos forma parte do núcleo organizativo e de toma de decisións. O protagonismo de nais/pais está sendo escaso, así como o doutras entidades como gobernos e asociacións locais. Tamén é necesario comunicar máis e mellor o traballo realizado. Recoméndase, pois:

- Desenvolver propostas dando protagonismo ao alumnado, verdadeiros artífices da motivación de nais / pais. Tamén facer un esforzo para a implicación de persoal non docente e nais / pais, os grandes ausentes ata o momento.
- Fomentar os puntos de comunicación para mellorar a motivación e acadar maior implicación no centro, dun xeito dinámico e creativo: na páxina web, ta-

boleiros específicos, etc. Hai que externalizar a escola, comunicando os logros de xeito visible e áxil.

- Contactar coa administración local, reclamándolle o papel que debe ter. Achegarse a outros axentes da comunidade: asociacións, colectivos profesionais e outras entidades, facéndoos partícipes.

Avaliación do programa e dos proxectos nos centros

Un dos puntos febles do programa A21EG está a ser a avaliación, tanto do propio programa coma dos proxectos que se están a desenvolver. Neste punto, é necesario facer unha avaliación en profundidade como se ten feito, por exemplo, noutros programas do estado español (Gutiérrez, Benito e Hernández, 2007). Como xa se comentou con anterioridade, no caso da avaliación dos propios proxectos nos centros falta formación entre o profesorado a este respecto: é algo que se ven demandando nos diversos cursos e xornadas celebrados.

É necesario:

- Realizar actividades de formación específicas para a avaliación de proxectos e procesos.
- Producir ferramentas para facilitar a avaliación.

- Deseñar e introducir indicadores xa ligados a obxectivos dende as primeiras fases dos proxectos.
- Avaliar o programa no seu conxunto e comunicar os resultados aos participantes, realimentando o proceso.

Concluindo

As A21E son programas educativos relativamente recentes, innovadores, e máis en Galicia onde nos atopamos dando os primeiros pasos.

Existe un bo número de profesores e profesoras con ganas e experiencia no desenvolvemento de actividades educativoambientais que están a facer un gran esforzo por dar continuidade aos proxectos nos que traballan, transformándoos e dándolles un carácter máis integral, coa implicación de sectores das comunidades educativas aos que tradicionalmente se asignaba un papel máis pasivo. Estase asumindo, pouco a pouco, a necesidade de cambios metodolóxicos, cambios no xeito de ensinar, con propostas máis interdisciplinares, con maior protagonismo do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe, abrindo e conectando en maior medida os centros ao contorno.

Pero fai falta unha aposta política clara e firme por parte das dúas Consellerías responsables do programa, demostrando que cren no proxecto, dotándoo dos recursos

necesarios. Se así fora, hai unha posibilidade de que haxa 100 centros educativos galegos no ano 2010 nos que a xestión e a práctica educativa sexan máis coherentes cos principios da sustentabilidade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FEG (2005): "As Axendas 21 Locais en Galicia. Actualización 2005". En *Federación Ecoloxista Galega*. [<http://www.federacionecoloxista.org>]
- FEG (2003): "A Axenda 21 Local. Informe sobre este instrumento para o desenvolvemento sustentábel local. Anexos: Carta de Aalborg (traducida ó galego). Os consellos municipais de medio ambiente." [<http://www.federacionecoloxista.org>]
- FERNÁNDEZ OSTOLAZA, A. (2002): *Educación para la sostenibilidad. Agenda 21 Escolar: una guía para la escuela*. Vitoria-Gasteiz: Consejería de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente y Consejería de Educación, Universidades e Investigación.
- GUTIÉRREZ, J.M. (2007): "Agenda 21 escolar: educación ambiental de Enfoque constructivista". En Boletín del CENEAM.
- GUTIÉRREZ, J. M., BENITO, J. HERNÁNDEZ, R. (2007): *Evaluación del programa Agenda 21 Escolar 2003-2006*. Vitoria-Gasteiz: Departamento de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente.
- GUTIERREZ, J., FERNANDEZ, P., OJEA, C., PRESA, M.J. (2007): *Guía de introducción á Axenda 21 Escolar*. A Coruña: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- LÓPEZ, R e GARCÍA, J.A. (2004): *A Axenda 21 Escolar Galega*. Lugo: Ed. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia. [<http://www.xunta.es/conselle/cma/gl/CMA07g/CMA07ga/p07ga04htm.htm>]
- SGEA (2007): "Documentos das V Xornadas da Sociedade Galega de Educación Ambiental". Sociedade Galega de Educación Ambiental. [<http://www.sgea.org>]
- WEISMAN, H. Y LLABRÉS A. (2001): *Guía para hacer la AE21 en Barcelona*. Barcelona: Ayuntamiento de Barcelona.

Programas, campañas e métodos: o lince e os escolares

Silvia Saldaña Arce. EGMASA-Consejería de Medio Ambiente. Junta de Andalucía (España)

Resumo

Móstranse neste traballo os resultados das accións de sensibilización e divulgación dos cinco anos de traballo en proxectos Life Natureza de conservación do lince ibérico. Tras unha breve introdución, preséntanse os conflitos sociais con que se enfrenta a conservación do lince e se expoñen os instrumentos sociais que se utilizaron. Dáselle un especial interese á campaña de sensibilización realizada cos escolares. Finalízase cunha avaliación das accións de sensibilización e dos instrumentos sociais utilizados, así como cunhas breves notas sobre a relación entre a xestión e estes instrumentos.

Abstract

This paper summarizes the results of 5 years of environmental education and campaigning undertaken within the Iberian lynx conservation Life projects. After a short introduction, the social conflicts that the project has been facing are shown up as well as the social instruments used to respond them. A special attention is given to actions carried out with the education sector. In conclusion, an assessment of the activities and social instruments is presented with a short note on their relation with the practical ecological management.

Palavras chave

Proxecto Life, lince ibérico, campañas de sensibilización, instrumentos sociais, conservación de especies ameazadas

Key-words

Life Project, Iberian lynx, public awareness campaigns, social instruments, conservation of endangered species

Introdución

O documento que aquí se presenta atópase enmarcado no proxecto *Life Natureza “Conservación e reintrodución do lince ibérico en Andalucía”* que desenvolve a Consellaría de Medio Ambiente da Junta de Andalucía (CMA) durante o período de 2006 a 2011. O obxectivo principal do devandito proxecto é *“contribuír ao mantemento e estabilización das poboacións de lince ibérico existentes, promover a creación dunha nova poboación e aumentar a variabilidade xenética das poboacións actuais”*.

O lince ibérico é o felino máis ameazado do planeta segundo a UICN. A súa poboación reduciuse en máis dun 80% nos últimos 20 anos, de modo que pasou duns 1000-1200 exemplares estimados na década dos 80 (RODRÍGUEZ e DELIBES, 1990) a menos de 200, segundo o último censo-diagnóstico das poboacións de lince ibérico en España (GUZMÁN et al., 2003). Por mor desta drástica diminución da poboación o seu status de protección pasou no ano 2002 de en perigo de extinción a en perigo crítico de extinción etapa previa ao status de especie extinguida (NOWELL, 2002).

Estes últimos exemplares de lince ibérico atópanse presentes exclusivamente na comunidade andaluza, separados en dúas poboacións illadas: unha na bisbarra de Doñana (Sevilla e Huelva) con aproximadamente 40 exemplares e outra na serra Morena (Cór-

doba e Xaén) cuns 120 exemplares. As causas de regresión detectadas para a especie na última década, por orde de importancia, son as seguintes (GUZMÁN et al., 2003):

1. Acusado declive do coello de monte (presa principal do lince), por causa principalmente da incidencia da pneumonía hemorráxica vírica.
2. Mortalidade non natural: uso masivo de métodos non selectivos de control de predadores e atropelos.
3. A perda de hábitat non parece ser unha causa importante de regresión da especie na última década, a excepción de áreas concretas como é o caso de Doñana, a incidencia de certas infraestruturas, ou o incremento de presión humana nestas áreas.

A maior poboación de lincos actual concéntrase na área máis oriental de serra Morena: a serra de Andújar (Xaén) e a de Cardeña-Montoro (Córdoba). Nesta zona a meirande parte da economía baséase no uso do monte mediterráneo transformado polo home en enormes devesas de aciñeiras dedicadas ao gando vacún e porcino. Gran parte do territorio dedícase tamén á caza maior e/ou menor (LÓPEZ e VAL, 1989; CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE ANDALUCÍA, 1998; CANAS e RUIZ, 2003).

Case a totalidade dos lincos se atopan en terreos de propiedade privada dedicados

principalmente á actividade cinexética de caza maior. Incluídos nesta parte da serra e coincidindo con parte da distribución de lince, atópanse dous parques naturais: P. N. Serra de Andújar e P.N. Serras de Cardeña e Montoro.

Na área de Doñana os territorios linceiros atópanse repartidos entre a propiedade particular, os coutos de caza, fundamentalmente dedicados á caza menor (Consello Empresarial de Turismo, 1998) e as zonas protexidas do Espazo Natural de Doñana.

O problema máis grave que presenta a conservación da especie nesta área é, alén da escaseza de coello, a alta densidade de estradas que fai que todos os anos morran atropelados novos linceiros en dispersión. Durante o ano 2006 a cifra de exemplares atropelados nestas estradas foi de cinco. Esta é unha cifra importante se temos en conta que a poboación total se estima en menos de 200 individuos (40 en Doñana).

Ambos os dous territorios linceiros caracterízanse por romaxes masivas polo menos unha vez ao ano (El Rocío en Doñana e La Virgen de la Cabeza en Andújar-Sierra Morena).

Análise do conflito de intereses respecto á conservación de especies

É importante disociarmos, por unha banda, os problemas de índole biolóxica/ecolóxica e, pola outra, os de carácter social. En xeral, nos proxectos de conservación, e este non é unha excepción, os problemas tratados con maior prioridade nas accións de xestión e custodia do territorio (véxase a táboa 2, accións B, C, D) céntranse nos problemas biolóxicos: falta de hábitat e de presas, doenzas, fragmentación e alteración do hábitat e depresión xenética. É evidente a importancia destas accións, mais non poden quedar desligadas da problemática social que rodea a conservación das especies se de verdade as queremos recuperar.

No caso particular do lince ibérico salta á vista, tras os datos presentados na introdución, que existen interaccións polo uso do territorio entre os actores locais e a especie que nos ocupa. Os catro anos de traballo no ámbito linceiro a través do anterior proxecto *Life Natureza "Recuperación das poboacións de lince ibérico en Andalucía"* (2002-2006), revelaron con claridade os distintos públicos que interaccionan na conservación do lince:

- *Sector do medio rural* (propietarios e xestores de terreos, cazadores e gardas)

- *Sector escolar* (escolares, mestres/as e profesorado, e pais/nais de alumnos)
- *Sector administración* (técnicos e funcionarios, Seprona, axentes do medio)
- *Sector medios de comunicación* (televisión, prensa e radio)
- *Sector turístico* (restauración e lecer)
- *Socios do proxecto Life Lince* (ADENA-WWF, Asociación de Propietarios Rurais Protectores de Caza e Conservadores do Medio Natural de Andalucía (APROCA), Asociación Empresarial de Criadores e Titulares de Coutos de Caza de Andalucía (ATECA), Consellaría de Obras Públicas e Transporte-Junta de Andalucía (COPeT), Consellaría de Agricultura e Pesca-Junta de Andalucía (CAeP), Consellaría de Agricultura e Medio Ambiente de Extremadura (CAeMA), Ecoloxistas en Acción Andalucía (EEAA-A), Federación Andaluza de Caza (FAC), Fundación CBD-Hábitat, Sociedade Española de Conservación e Estudio dos Mamíferos (SECEM)
- *Outros colectivos* (romeiros, fotógrafos, fans do lince)

Os conflitos que se establecen entre a conservación do felino e estes sectores podémolos clasificar en varios tipos xerais. Estes estarían ligados ás seguintes accións:

- *Molestias directas* sobre os individuos da especie
- *Degradación do hábitat* (monte mediterráneo)
- *Interacción con outros animais* ligados ao hábitat da especie

- *Problemas de comunicación*
- *Cambios no uso do solo*

Deste modo, unha táboa resumo (Táboa 1) que reflecta esquematicamente as interaccións quedaría como segue:

Tanto un tipo de interacción como outro, parecen ser consecuencia dunha falta de coñecemento e polo tanto de sensibilidade pola conservación da biodiversidade. Este termo, por outro lado amplo e complexo, para moitos non quere dicir nada, polo que fai que non se sintan implicados na devandita problemática.

Instrumentos sociais que se utilizaron nos programas de intervención social postos en marcha

Antecedentes

Os proxectos que desde a CMA traballaron en educación ambiental para a conservación do lince están enmarcados en proxectos Life Natureza:

- Life Natureza “Actuacións para a conservación do lince ibérico” (1994-1999)
- Life Natureza “Recuperación das poboacións de lince ibérico en Andalucía” (2002-2006)

TÁBOA RESUMO DOS CONFLICTOS SOCIAIS NA CONSERVACIÓN DO LINCE								
CONFLICTOS/PERSOAS		MEDIO NATURAL	ESCOLARES	ADMINISTRACIONES	MASS MEDIAS	OCCIO TURISMO	SOCIOS PROYEC.	OTROS
		1	2	3	4	5	6	7
MOLESTIAS DIRECTAS SOBRE OS LINCES	Uso incorrecto de vehículos a motor en zonas con limitacións	●				●		●
	Uso de artes ilegais de caza (cepos e lazos)	●						
	Acceso a fincas privadas co lince, foqueo nocturno, utilización de reclamos				●	●		●
	Actividade cinxética en fincas linceras tanto de caza maior (menos problemática) como de caza menor	●						
DEGRADACIÓN DO HÁBITAT (monte mediterráneo)	Accións de xestión da hábitat realizadas directamente no territorio lincero (podas, sembras etc)	●						
	Romarías en zonas linceras ou contornos próximos que podan alterar o hábitat (e a calma da finca)							●
INTERACCIÓN DO LINCE CON OUTROS ANIMAIS	Coello: competencia pola caza entre Lince e cazadores	●		●		●		
	Raposo: Xestión/control da predación	●		●				
MAIS LIGADOS AO HÁBITAT	Gando doméstico: facer responsable de perdas e danos ao lince cando non é real (subvencións e axudas económicas), perdas reais	●		●				
	Alto grao de mediatización da especie, utilizada nalgúnas ocasións como mecanismo e non transmitíndose os verdadeiros problemas de conservación que sofren				●	●		
PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN	Descoordinación entre Administracións relacionadas (obras públicas, agricultura e medio ambiente)			●				
	Má relación entre os sectores sociais e a Administración que xestiona o medio natural	●		●	●	●		●
	Deficiencias na recepción/emisión de mensaxes de conservación	●	●	●	●	●	●	●
	Falla de información e transparencia xerando desconfianza e desinformación	●	●	●	●	●	●	●
	Decisións tomadas sen a consulta aos afectados	●				●	●	●
	Gestión de compensacións ou axudas económicas que non chegan ou chegan tarde	●	●					●
	Diferentes visións e temas de conservación entre os implicados na súa conservación	●	●	●	●	●	●	●
	Limitacións reais ou imaxinarias no cambio de uso do solo	●				●		
CAMBIOS NO USO DO SOLO	Construción de grandes infraestructuras			●			●	●
	Construcións ilegais	●		●				●
	Limitacións en espazos de Uso Público		●			●		●

Táboa 1: Táboa resumo dos conflitos sociais na conservación do lince

- Life Natureza “Conservación e reintrodución do lince ibérico en Andalucía” (2006-2011)

No primeiro proxecto adxudicouse un 18% do proxecto total para a edición de materiais e a execución de campañas de sensibilización.

Resultou bastante innovador que no segundo proxecto se adxudicase un orzamento específico para persoal dedicado a tempo completo á execución das accións de sensibilización e divulgación cun orzamento do 6% do total do proxecto para a edición de materiais e a execución das campañas e seminarios previstos.

No terceiro proxecto (actualmente en vixencia) continúaase con esta mesma liña e o orzamento destinado a este tipo de accións ascendeu a un 5% e actualmente están a traballar dúas persoas a tempo completo. (Véxanse as táboas 2)

É destacable a presenza de diferentes socios que colaboraron na realización dalgunhas das accións de sensibilización e divulgación: Ecoloxistas en Acción de Andalucía, Federación Andaluza de Caza, Fundación CBD Hábitat, entre outros.

O obxectivo xeral nestes proxectos baséase na sensibilización da sociedade cunha especie tan emblemática como o lince ibérico e concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

- Promover actitudes respectuosas co medio natural e especificamente co lince ibérico.
- Informar as poboacións locais da futura zona de reintrodución, da oportunidade e necesidade de levala a cabo.
- Fomentar a participación cidadá e a súa implicación nos traballos de conservación do lince (subscribindo o Pacto andaluz, colaborando na difusión do proxecto, asistindo aos campos de voluntariado, participando en actividades...).

Life 1994-1996			Life 2002-2006			Life 2006-2011		
Accións	€	%	Accións	€	%	Accións	€	%
A	0	0	A	85.987	1	A	67.253	0.3
B	0	0	B	658.973	7	B	1.553.013	6.4
C	0	0	C	432.715	5	C	14.264.900	58.5
D	558.793	59	D	6.827.771	74	D	6.015.369	24.7
E	169.100	18	E	554.365	6	E	1.208.995	5
F	222.206	23	F	654.917	7	F	1.261.843	5.2
TOTAL	950.099	100	TOTAL	9.214.728	100	TOTAL	24.371.373	100

Táboa 2: Comparativa económica entre os distintos Life Lince

Accións: **A:** Accións preparatorias, elaboración de plans de xestión e/ou plans de acción; **B:** Compra e arrendamento de terras; **C:** Tarefas únicas de xestión de biótomo; **D:** Xestión periódica do biótomo (convenios); **E:** Sensibilización do público e divulgación de resultados; **F:** Funcionamento do proxecto.

- Facer partícipes os habitantes do medio rural –onde sobrevive o lince e onde se reintroducirá– dos traballos de conservación e, especificamente, gardas de terreos, gandeiros, agricultores e cazadores.
- Informar periodicamente á sociedade en xeral e tamén os sectores máis estreitamente relacionados coa especie do desenvolvemento do proxecto ben con medios propios (publicacións, web, puntos de información etc.), ben a través dos diferentes medios de comunicación existentes, xeneralistas e especializados en temas do medio.
- Facilitar encontros entre especialistas sobre a especie co fin de afondar nos seus coñecementos, revisión de traballos, seguimento destes, deseño de estratexias etc.
- Traballar permanentemente co sector educativo de zonas linceiras e potencialmente linceiras así como daqueles lugares onde terá lugar a reintrodución, para potenciar así comportamentos proambientais.

Respecto aos instrumentos sociais utilizados, pasamos a realizar unha breve descrición destes.


Instrumentos informativos/divulgativos

Foi destacada a gran cantidade de materiais xerados desde este proxecto: trípticos, cadernos, adhesivos, guías etc. A súa

finalidade foi desde a pura mercadotecnia do proxecto, até documentos complementarios e de apoio ás campañas educativas e de sensibilización.

De entre todos eles salienta a realización dunha exposición itinerante de oito paneis sobre a ecoloxía, problemas e accións de conservación do lince ibérico. Esta exposición (posúe unha réplica desta) percorre as zonas linceiras de Doñana e serra Morena, e permanece aproximadamente dúas semanas en cada localidade. Xunto a ela, unha serie de materiais complementarios: maqueta a tamaño real de lince, un dispositivo de trampas fotográficas, álbum de fotos trampeadas dos lincos etc, son tamén expostos como elementos de apoio. Actualmente estase a ampliar esta exposición con catro novos paneis sobre a reintrodución.

Tamén paga a pena destacarmos os puntos de información “InfoLince” situados en lugares estratéxicos de grande afluencia de público (bares, restaurantes, centros de visitantes). Compostas por un gran panel de cortiza con dispensador de dípticos onde se colocan informacións como novas, boletíns, convocatorias sobre o lince que son actualizados mensualmente.

GRUPO	TÍTULO DA CAMPAÑA	OBJECTIVOS PRIORITARIOS	ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN
Público Xeral	Exposición itinerante "Nuestro Gran Gato"	<ul style="list-style-type: none"> - Informar e sensibilizar sobre a problemática do lince. - Informar sobre a situación real e a problemática da especie para aumentar o grao de coñecemento de ésta. 		2004 - 2006

Táboa 3: Características exposición itinerante "O Noso Gran Gato"

Instrumentos Educativos

O proxecto Life Lince caracterizouse polo deseño de campañas de sensibilización específicas adaptadas aos diferentes públicos (Saldaña, 2004). Deste xeito tentábase conseguir os obxectivos establecidos dun xeito máis eficiente. Preséntase, a continuación, unha táboa resumo coas diferentes campañas así como unha táboa recopilatoria das persoas coas que tanto o beneficiario (CMA) e os socios traballaron nos últimos cinco anos.




Destaca a campaña educativa "Un día co lince" que se desenvolve con detalle ao final desta liña (Táboa 5). Grazas a ela traballouse con 6 376 escolares que representan un 48% do total de públicos sobre os que se interveu desde o ano 2003 até hoxe.

Púidose traballar no mesmo ano cun mesmo grupo en varias campañas (polo que non se pode sumar directamente o número de participantes por ano). O total real das persoas con que se traballou quedaría como segue (Táboas 6 e 7):

CAMPAÑA	2003	2004	2005	2006	2007	Total de PARTICIPANTES
CINEXÉTICA RESPONSABLE	100	260	165	350	345	1.220
CONCURSO		398	315	254	325	1.292
GREEN DAYS	47	83	111	636	170	1.047
LINCE IBERICO...	25					25
NÓS...	249	1.882	924	327	205	3.587
POLO CAMIÑO SEMPRE	25		120			145
UN DIA...*	361	2.699	1.499	795	1.022	6.376

*En función da modalidade A ou B da campaña educativa "Un día co Lince" realizáronse de 2 a 4 ou 5 intervencións co mesmo grupo. Na táboa quedan reflectidos o número total de participantes distintos con que se traballou sen termos en conta o número de intervencións.

Táboa 5: Recopilación do número de persoas con que se traballou en cada campaña

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ESPECÍFICAS				
GRUPO	TÍTULO DE LA CAMPAÑA	OBJETIVOS PRIORITARIOS	ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN
Público General - Asociaciones	"Nosotros y el Lince"	<ul style="list-style-type: none"> - Informar sobre la situación real y la problemática de la especie para aumentar el grado de conocimiento de ésta. - Valorar al linco ibérico como especie emblemática de nuestra región. 		2002 - 2006
Romeros	"Por el camino siempre" "Sentura no Natural"	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar el uso razonable del espacio natural (Doñana y Sierra de Andújar) - Conocer mejor al linco ibérico y su problemática 	Charlas, talleres, envío de material, juegos de rol	
Sector Educativo	"Un día con el Lince"	<ul style="list-style-type: none"> - Conocer al linco y su problemática. - Valorar al linco como especie emblemática de nuestra región. - Fidelizar el interés y preocupación por el linco. - Fomentar el trabao en equipo, la cooperación e análisis de situaciones conflictivas, la búsqueda de soluciónes, etc. 	Charlas, proyecciones, cuadernillos, concursos, talleres, juegos, excursiones.	Curso 2002 - 2003 (proyecto piloto) Curso 2003 - 2004 Curso 2004 - 2005 Curso 2005 - 2006 ACOLIGUETAS
Sector Cinegético	"Actividad cinegética responsable"	<ul style="list-style-type: none"> - Informar y sensibilizar sobre la problemática del linco. - Transmitir la importancia que tiene el linco en el ecosistema. - Enseñar unas técnicas de caza responsable. 	Jornadas de información, charlas, salidas al campo. Edición de un manual de gestión. Charlas in situ (monterías, ganchos y otros eventos cinegéticos)	Temporadas de caza Oct02/Mar03 Oct03/Mar04 Oct04/Mar05 Oct05/Mar06
Administración		<ul style="list-style-type: none"> - Dotar de herramientas y conocimientos que permitan actuar favoreciendo al linco ibérico. - Actualizar datos sobre la especie. 	Jornadas, charlas, dossier, proyecciones.	2006

Táboa 4: Campañas de Sensibilización Life Lince 2002-2006

CAMPAÑAS	2003	2004	2005	2006	2007	Total de PARTICIPANTES
Todas as campañas	807	5.088	2.947	2.362	2.047	13.251

Táboa 6: Recompilación dos participantes totais con que se traballou até agora

CAMPAÑA	2003	2004	2005	2006	2007	Total de N° PARTICIPANTES
O NOSO GRAN GATO	-	446	14.547	3.658	8.971	27.622

Táboa 7: Recompilación das persoas que visitaron a exposición itinerante

A campaña Educativa “Un día co lince”

O público ao que vai dirixida esta campaña é o sector escolar, concretamente desde o segundo ciclo de primaria até bacharelato.

O ámbito de actuación abrangue as catro provincias linceiras (Sevilla, Huelva, Córdoba e Xaén) e especificamente as localidades prioritarias con presenza actual de lince.

O total de centros escolares de localidades prioritarias ascende a algo máis dunha centena.

A campaña con escolares estruturouse do seguinte xeito:

A) Campaña “Un día co lince”

Iniciamos a campaña de educación ambiental co sector educativo no curso 2002/2003. Todas as actividades centráronse en coñecer a bioloxía e ecoloxía

do lince ibérico para podermos entender mellor a súa problemática e sermos quen de formular solucións e accións encamiñadas á súa conservación.

A campaña comprende dous tipos de actuacións:

Modalidade A: Puntuais e para gran número de escolares (realizadas na súa maioría por Ecoloxistas en Acción-Andalucía e socios do proxecto Life). Realízanse dúas visitas ao centro escolar coas súas actividades correspondentes dunha hora de duración aproximada:

- **1ª Visita:** Charla divulgativa sobre a especie, adaptada aos diferentes niveis educativos e axudada por unha proxeción en PowerPoint.
- **2ª Visita:** Actividade lúdico-pedagóxica: xogo xigante “Son un lince” (ESO), xogo de rol “Alerta lince” (Bacharelato), Visiónamento dun vídeo sobre o lince.

Modalidade B: Continuas e para un número de escolares reducido (realizadas pola

Consellería de Medio Ambiente). Realízase como mínimo, unha intervención mensual en cada clase/colexio. As actividades realízanse maioritariamente no interior da aula e algunhas no exterior (patio do colexio, ximnasio, salón de actos...).

As actividades son as seguintes:

- 1-Realización dunha enquisa de avaliación de coñecementos previos.
- 2-Apadriñamento dun lince con entrega de fotos e certificado, e repartición dun carné de socio protector do lince.
- 3-Unha charla xeral sobre o lince ibérico e os seus problemas. A charla apóiase nunha proxección en PowerPoint e un concurso por grupos cos escolares participantes.
- 4-Caderno didáctico (20 páxs.) para realizar en clase. De reforzo á charla previa.
- 5-Obradoiro de pegadas en xeso de diferentes animais do monte mediterráneo que conviven co lince.
- 6-Xogo xigante cos escolares como protagonistas deste para os máis pequenos e xogo de rol “Equipo de expertos” para os maiores.
- 7-Enquisa final de avaliación de obxectivos e da actividade.

Durante o curso 2004-2005 púxose en marcha unha experiencia piloto “Investigando o mundo do lince ibérico”. O obxectivo era utilizar, como multiplicadores da mensaxe de conservación do lince, os escolares e profesores que se quixesen implicar.

Realizáronse varias actividades sucesivas co grupo en cuestión para que preparasen unha campaña e desen a coñecer ao resto dos seus compañeiros do centro escolar e/ou a súa localidade a situación do lince ibérico.

As actividades que finalmente se realizaron co grupo foron as seguintes:

- Un primeiro contacto cos escolares (4º ESO) para lles dar a coñecer a idea.
- Organización da clase para iniciar a investigación: grupos, voceiro, datas de visita do persoal de Life, data para o final da campaña...
- Visita dun “experto” que lles dea unha visión xeral do lince e a súa problemática a xeito de introdución.
- Procura de información sobre o lince en diferentes categorías (grupos de expertos).
- Realización dun pequeno ensaio de “campaña publicitaria” sobre o lince que implicase o resto do centro.
- Visita á exposición itinerante “O Noso Gran Gato, o lince ibérico”.
- Xogo de rol para preparación final de cada grupo de expertos e experimentar a dificultade do problema da conservación de especies.

Traballouse con 25 rapaces de 4º da ESO das EE.PP. Sagrada Familia de Andújar (Xaén) durante cinco sesións. Aínda que non se chegou a xerar unha verdadeira campaña nin dentro nin fóra do centro, si

se favoreceu o traballo en grupo e o espartar do interese polo lince, polo que a avaliación final foi positiva. Como elemento que cómpre ter en conta é a necesidade dunha elevada motivación por parte do profesorado responsable, que ten que poder axustar o seu programa de clases ás sucesivas intervencións (dunha hora aproximadamente) e colaborar na motivación do alumnado para que traballe tamén fóra do tempo escolar.

B) Concursos destinados ao nivel educativo

